

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Expte núm.: 2022/E001/000020

ANUNCIO Nº 2

Convocatoria para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas (2) prazas de técnico/a de protección civil do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) estabilización do emprego temporal. Resultado do proceso selectivo

O órgano de selección do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas (2) prazas de técnico/a de protección civil do concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022), nomeado mediante a Resolución núm. 2226/2023, do 18 de outubro, do concelleiro-delegado da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, na súa sesión do 07/11/2023 e de conformidade coa base 7 das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E 2022 (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro [BOP da Coruña núm. 231 do 07/12/2022]) e da base 6 das bases específicas para a cobertura de dúas (2) prazas de técnico de protección civil (BOP da Coruña núm. 241, do 22/12/2022), procedeu á valoración dos méritos dos aspirantes presentados e dispuxo a publicación do resultado para os efectos da presentación das reclamacións que se considerasen oportunas, sen que durante o prazo concedido se tivera presentado ningunha.

O órgano de selección, en sesión que tivo lugar o día 01/12/2023 adoptou os seguintes acordos:

Primeiro.- Elevar a definitiva a valoración da fase de concurso do proceso selectivo para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas (2) prazas de técnico/a de protección civil do Concello das Pontes de García Rodríguez (OEP-E 2022) co seguinte resultado:

Aspirante	Experiencia profesional	Formación	Puntuación total
Otero Caaveiro, José Antonio	30 puntos	20 puntos	50
Silven Moledo, Rogelio	30 puntos	20 puntos	50

Segundo.- Declarar que **José Antonio Otero Caaveiro**, con DNI ***1361** e **Rogelio Silven Moledo**, con DNI ***2714**, **superaron o proceso selectivo** convocado para a cobertura, mediante persoal laboral fixo, de dúas (2) prazas de técnico/a de protección civil.

Terceiro.- **Propoñer** á Concellería-delegada da Área de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos a **contratación** de **José Antonio Otero Caaveiro** e **Rogelio Silven Moledo** na categoría de **técnico/a de protección civil**, do cadro de persoal laboral fixo (asimilada a agrupación profesional) do Concello das Pontes de García Rodríguez.

Cuarto.- En virtude da base décima das bases xerais reguladoras dos procesos selectivos das prazas de persoal laboral incluídas na OEP-E (disp adic 6ª da Lei 20/2021, do 28 de decembro), **publicar** un anuncio co resultado do actuado na presente sesión no taboleiro de anuncios electrónico do Concello das Pontes, así coma na páxina web municipal.

CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf. 981453116 · REL 01150709 · CIF P1507100D · <https://sede.aspontes.org/opencms/gl/index.html>

Quinto.- As persoas aspirantes propostas deberán **presentar na sede electrónica do concello** das Pontes de García Rodríguez, **no prazo máximo de 20 días hábiles**, contados a partir da publicación do resultado do proceso selectivo no taboleiro de anuncios electrónico do concello, **a seguinte documentación:**

- a) Certificado/Informe médico acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais da praza á que se aspira expedido por facultativo/a competente.
- b) Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial.
- c) Declaración xurada de non atoparse incurso/a en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente (artigo 13 do Real decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades) e referido ao momento da sinatura do contrato.
- d) Cartilla da Seguridade Social (no caso de estar de alta) ou declaración de non estar de alta.
- e) Acreditación documental da conta bancaria na que se farían os seus ingresos nominais

A non presentación, dentro do prazo fixado, da documentación esixida e agás os casos de forma maior, ou cando do exame da mesma se deduza que se carece dalgún dos requisitos sinalados na base terceira, impedirá o nomeamento e quedarán anuladas as súas actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que tivera incorrido por falsidade na súa solicitude de participación.

Documento asinado pola secretaria do órgano de selección, Sandra López Rodríguez na data da sinatura dixital.